

XII- (DO ACTO III, ESCENA VII)

General Braña.- Moitas veces teño-me preguntado que é o que afasta a Joán de Pedro, que diferenza substancial habería se gobernase Pedro en vez de Joán.

General Dragón.- O que afasta a Joán de Pedro é o que non é Pedro nen Joán. Nós somos os dous vellos amigos de sempre, militares puros, patriotas puros, desconfiados perante calquer política, e amantes da liberdade para todos, que é a política do que non é político. Unha política de centro é a que desejaríamos os dous. Mais o centro é unha forza inmóvil. Ti tes meio centro, eu teño meio centro. Ti o centro dereita, eu o centro esquerda. Dous meias esferas tenden a acoplar-se, a constituir a laranja enteira. A guerra fan-na a dereita e a esquerda, a extrema dereita e a extrema esquerda. Ti necesitas daquela e eu desta para combater.

General Braña.- Aínda ben, eu combato pola paz. Quero impor a paz neste país.

General Dragón.- Falas nun ton de império. Tamén eu quero instaurar a paz.

General Braña.- Os dous queremos a paz. Temos o mesmo plano militar.

General Dragón.- E unha paz para todos, un equilibrio justo, un sistema de goberno moderado. Temos o mesmo programa de goberno.

General Braña.- ¿Por que loitamos, pois?

General Dragón.- ¿Por que loitamos?

General Braña.- Non podemos facer a paz. Sería formoso que agora, antes das doce no relógio, chegásemos a un acordo e pudésemos facer a paz. Mais a miña dereita quer aniquilar a tua esquerda. Non podo ofrecer-lle unha paz que non signifique a súa vitoria.

General Dragón.- Poderíamos firmar a paz. Temos o mesmo programa de centro. Mais a miña esquerda quer aniquilar a tua dereita. Teño que ofrecer-lles unha paz vitoriosa.

General Braña.- ¿Estás seguro de que a vas obter?

General Dragón.- Non, non estou seguro. Creio-o en virtude de fortes razóns; mais ti cres que as tuas razóns son máis fortes.

General Braña.- Se cadra, estou trabucado. Se cadra, estás trabucado,

General Dragón.- ¿Por que loitamos, Joán?

General Braña.- ¿Por que loitamos, Pedro?

(Os Xefes, en Teatro completo, 1982)

XIII- LÍNGUA E IDENTIDADE

Se nom temos o menor desejo de manter a identidade de Galiza, é escusada a nosa preocupación pola lingua. Mas se queremos manter aquela identidade, na lingua temos o melhor instrumento para conseguilo. A lingua é un sacramento, é dizer, un signo visíbel de comunhom numha determinada participación de ideais. Evidentemente, a lingua nom confere a nacionalidade. Hai muitas naçons de lingua española ou portuguesa que nom se confundem coas antigas metrópoles. Em troca, hai naçons plurilingües. Umha naçom é umha vontade colectiva de destino comum. Como dizia Renan, un plebiscito incessantemente renovado. Mas cando se dispom dumha lingua própria, nom se comprende o seu abandono polos que desexan manter a identidade do povo que a fala.

O GALEGO E A GALIZA

Podemos, em conseqüência, imaginar umha Galiza que nom fale galego. Por exemplo, umha Galiza absolutamente castelhanizada. Ou, se queremos pensar numha situaçom menos radical, umha Galiza onde o galego seja respeitado, mas nom promovido. Ou mesmo umha Galiza onde o galego seja considerado como umha reliquia histórica, ou como umha típica modalidade folclórica que a fins turísticos convenha conservar. Poderíamos establecer reservas nas que um fato de labregos e intelectuais, vestidos com monteira e cirolas -os homes- e dengue e mantelo -as mulleres-, vivessem subvencionados polo Estado, consagrados a falar, escrever, cantar, rir e chorar em galego com acompanhamento de gaita. Cousas semelhantes viam-se e vêm-se noutras latitudes.

Mas hai umha tradiçom, segundo expuxemos, que aspira a outra fortuna para o galego. Essa tradiçom, a de Murguía e a Academia Galega, a de Risco e a revista *Nós*, a de Vilar Ponte e as Irmandades da Fala, a de Otero Pedraio e o Seminario de Estudos Galegos, para nom citar senom figuras e institucións científicas e literárias, propugna o galego como lingua de Galiza. Para os que nos educamos nesse ambiente, nom hai outra fórmula satisfactoria. Nom vemos a Galiza falando noutra lingua que o galego.

(“A fortuna histórica do galego” [1980], en *Da fala e da escrita*, 1983)

Letras Galegas no Gaíás: Ricardo Carvalho Calero

Lectura participativa en liña
Escolma de textos de Pilar Pallarés,
Premio Nacional de Poesía

XIV-

Desque vim Tristán fum a sua namorada,
e oculto no meu corazón levo esse amor.
Isolda a Loira elegeu-me entre as suas servidoras
para ir via com ela a Tintagel
na negra nave em que Tristán chegara.
Isolda a Mai confiou-me o filtro mágico
que o día das bodas os noivos tinham de beber
para amarem-se sem desfalecemento de por vida.
A bordo, eu só tinha ollos para Tristán;
sem beber nengum filtro, ligada estaba a el.
El era um fiel embaixador, correcto paraninfo,
que conduzia ao seu amado tío
a que havia ser senhora em Cornualhes.
Isolda era umha mocinha que abria os ollos ao mundo,
disposta a cumprir escrupulosamente o seu dever
como futura esposa do rei Marco.
Mas mentres navegávamos, como umha abafante nuve,
o calor pairou sobre a nave.
E Isolda ordenou-me que trouxesse um refresco
para que ela e o seu custódio apagassem a sede.
E tam trémula estaba eu pensando que ia servir a Tristán,
que sem decatarse escanciei-lhes o filtro do feitiço,
pois nom via bem arredor, que o ardente sol de Tristán me cegava.
E amaram-se para sempre ela e ele.
E na mesma nave Isolda foi de Tristán.
E tivemos que substituí-la eu no tálamo nupcial em Tintagel.
E Marco gozou do meu corpo,
que eu quigera reservar para Tristán.
E tivemos que protexer a culpa da mimha senhora
e ofrecer a minha virgindade para encobrir a falta do meu senhor.
Eu som Brangel, namorada sem filtro.
Murcharei-me à beira da frondosa paixom que eu provoqueei.
Oxalá pudesse eu pensar em Tristán como Marco pensava em Isolda
cando Marco me tinha entre os seus braços
e cria que as minhas báguas eram as báguas do pudor da Rainha.
Só umha vez jacim com um home, um home maduro
que gozou de outra mentres me gozava.
E eu nom retivem mais que a dor daquel abraço enganoso.
Eu som Brangel. Nem Thomas nem Bérroul
souberom bem a causa do meu erro.
Crerom-me só umha moça atordoada.
Revelo agora a razón da tragédia.
Mais alto foi, nom forçado feitiço,
mais alto que o de Isolda o meu amor.

(*Cantigas de amigo e outros poemas* [1980-1985], 1986)

XV- O BO BERGANTIÑÁN

O labrador ceifa a súa mese no outeiro de Crecy, na “morne plaine” de Waterloo. Traballa atento á súa anqueira, con ánimo indiferente á historia. Non sabe, ou non se lembra, das cabalgadas do Príncipe Negro, das doídas cárregas de Ney. André Maurois, en Flandes, ten interrogado a un campesiño no campo de batalla en que os disciplinados besteiros ingleses desmontaron á brillante cabalaría feudal. O campo de batalla era só pra aquil home a terra de labor. O bergantiñán ara a terra, sega o pan, derruba o piñeiro, caza a perdiz, leva anteposto o carro de táboas ou trinca a escota á vista da praia, iñorante de que pra todo galego culto os traballos e os días da súa vida, os traballos e os días do bergantiñán, locen orballados de gracia poética, por obra e gracia dun poeta daquela terra; de xeito que decimos Bergantiños, e inmediatamente coidamos en Pondal. Bergantiños é terraxe afastada, con malas comunicacións. Fora de Bergantiños, pouco de Bergantiños se fala, como non sexa en función de Pondal. Bergantiños é coñecido por Pondal, como Morven é coñecido por Macpherson. Os santos lugares rosaliáns son os santos lugares xacobeos. Non tiñan necesidade de seren cantados por Rosalía pra cobraren sona e prestixio Santiago e Padrón. Pero Bergantiños non ten historia, anque teña prehistoria e protohistoria. No mundo da cultura, Bergantiños é Pondal, poeta prehistórico e protohistórico.

Bergantiños é o val do Anllóns, terra de trigás, piñeirás e prados, con Carballo como centro principal. A costa é brava, con tómbolos que rematan en pequenas peninsuas. As terras de Soñeira, Vimianzo, Xallas e Dumbría completan a xeografía pondaliá. As gandras sobre as que os corvos voan, os fachos coroados de pillaras e mazaricos, presencian a vida e a morte nos penedos ribeiráns dos ríos do Porto, Ézaro e do Castro. A paisaxe é baril, batida polos ventos e polo mar, que labra furnas e deseña unha orla de longas praias desertas. Ísta é a terra de Pondal, que nacéu na pequena Ponteceso, no esteiro do Anllóns. Amóuna o poeta con enerxía, e non podemos decir que a incorporóu á súa obra, senón máis ben que fundóu a súa obra nela.

(Historia da literatura galega contemporánea, 1963)

XVI-

Durante a ceia de despedida ao professor Maluquer, pensava eu no enigmático Scórpico como núcleo de um possível romance. Mas precisamente a sua enigmaticidade deveria ser respeitada, porque eu a vejo como umha particularidade de interesse dentro de umha narração. Eu, autor do romance de Scórpico, respeitaria a sua problematicidade, nom trataria de explicá-lo todo; mais bem reuniria testemunhos diversos a propósito da sua personalidade, que confluíssem e alumiassem de distintos ângulos a figura central. Nunca me meteria directamente no interior do protagonista. Este nunca falaria de si mesmo. Seriam os demais, os seus parentes, os seus amigos, os que nos falariam del, do seu povo, da sua família, dos seus amigos; e assi se iria configurando umha figura, e assi se iriam ordenando os acontecimentos de umha vida, mediante umha espécie de enquisa que aportasse dados plurais, por que nom contraditórios. Na realidade, cada um vê as pessoas, os acontecimentos, do seu ponto de vista, através do seu próprio prisma. O conhecimento é umha combinação de matéria e forma. Esta varia segundo a situação do sujeito cognoscente. Nom hai visom inteiramente verdadeira, nom hai visom inteiramente falsa. Nom hai visom inteiramente objectiva, nom hai visom inteiramente subjectiva. Apresentaria um Scórpico, umha vida de Scórpico, contemplado, contemplada através de diversas personalidades. Como sei mui pouco da vida de Scórpico, fora do que vejo, e se trata de umha personalidade mui pouco transparente, teria de inventar muito, teria de inventar-lhe umha família, umha infância, uns amigos que completassem coa sua visom a minha própria visom. Seria umha composição polifónica, umha narrativa em que houvesse muitos narradores.

(Scórpico, 1987)